

Xestionado por [Vieiros](#)

Premio ex aequo

## O Max de teatro en galego, para Pernas e Álvarez Ossorio

As mazás con antifaz que veñen a Galiza este ano son dúas: tanto Carlos Álvarez-Ossorio como Gustavo Pernas Cora gañaron o premio Max ao mellor texto teatral en galego, logo de empataren nos votos.

Redacción - 17:56 17/04/2007

Na noite do luns 16 de abril foron entregados en Bilbo os [premios](#) do teatro estatal, organizados pola Sociedade Xeral de Autores e Editores ([SGAE](#)): na categoría de Mellor Autor en galego concorrián Álvarez-Ossorio, pola obra *A casa do pai* (interpretada por Cámara Negra, [Teatro do Noroeste](#) e Noescafé Teatro) e Pernas Cora por *Final de película* (Áncora Producións). Este último gañara xa o ano pasado con *Paso de cebra*. Canda eles era finalista José Luis Prieto (por *Carambola: cóncavo convexo*, de lagarta, lagarta), tamén gañador de dous premios Max nas edicións de 2003 e 2005.

Entre as grandes vencedoras da noite, *La Cabra o qui és Sylvia?*, de Stage Door, Teatre Romea, obtivo os Max a mellor espectáculo, mellor adaptación, e mellor dirección. Cabe salientar que o premio de honra foille entregado a un dos máis prolíficos autores do teatro español, Fernando Arrabal.

### Novas relacionadas

- ['Final de película' no Teatro Principal de Pontevedra](#)
- [E máis finalistas... Esta vez dos Max](#)